

ESTRAÑOS NO PARAÍSO

Jim Jarmusch, 1984

544

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 20 de xuño e 2 de xullo | V.O.S.E.

Stranger than Paradise (1984, 89')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: John Lurie, Eszter Balint, Richard Edson, Cecillia Stark, Danny Rosen, Tom DiCillo

Son: John Auerbach, Jack Cooley, Ollie Cotton, Greg Curry, Drew Kunin, Melody London

Montaxe: Jim Jarmusch, Melody London

Música: John Lurie

Fotografía: Tom DiCillo

Produtora: Cinesthesia Productions, Grokenberger Film Produktion, ZDF (EEUU, RFA)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés, húngaro, italiano

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mistery Train, 1989

Down by Law [Baixo o peso da lei], 1986

Estraños no paraíso, 1984

SINOPSE

Estraños no paraíso conta a historia de Willie, húngaro residente en Nova York, a súa curmá Eva e o seu amigo Eddia nun novo mundo dentro da gran cidade. Alí asistimos ao inicio da relación dos protagonistas. Un ano máis tarde, en Cleveland, os personaxes destapan os seus desexos ocultos e, na terceira parte, en Florida, vemos o orixinal desenlace desta curiosa *road movie*.

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1984 (Cámara de Ouro),
Locarno 1984 (Mellor Filme), Sundance
(Premio Especial do Xurado)

«Un tesouro de cabo a rabo»

Roger Ebert, CHICAGO SUN-TIMES



ESTRAÑOS NO PARAÍSO

Jim Jarmusch, 1984

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Hai algo triste pero tamén fermoso nas paisaxes post industriais”

Entrevista con Jim Jarmusch

Por Harlan Jacobson

Es unha das persoas máis coñecidas de Akron, a túa cidade natal. Recibes chamadas de empresarios locais?

Realmente si, pero non estou moi interesado nese tipo de negocios nestes momentos.

Por que non? Porque quero ter completo control sobre o meu traballo e ir dando pasos aos poucos. Non quero ter alguén dicíndome como teño que montar o meu filme ou quen o vai interpretar. E tamén porque xurdiu a oportunidade de desenvolver os meus vindeiros dous ou tres proxectos con coprodución europea, o que me permite ser medio dono do meu propio cinema. Para min ten moito máis sentido manter todo baixo control e ir avanzando con tino que dar agora un salto a un grande estudio de produción.

Cales son as influencias de *Estraños no paraíso*? Teño moitas influencias. Realmente todo ten certa influencia sobre min, tanto o cinema europeo como o xaponés e tamén o americano. Os personaxes son realmente americanos, o mesmo que a factura do filme, aínda sen ser tradicional. Iso vén da maneira

que teño de escribir, que vén de atrás. Máis ca atopar a historia que quero contar e logo engadir os detalles, recollo os anacos e logo tento construír un puzzle ou unha historia. Teño un tema, un ton e uns personaxes definidos de partida pero a trama vai evolucionando soa. Creio que por iso a miña narrativa acada a forma que ten. O meu primeiro filme, *Permanent Vacation* (1980), foi similar e as dúas cousas que teño en proxecto igual. A idea de ter unha trama establecida de partida dáme medo. Para min é máis emocionante así, deixar algo para o proceso. A propia historia debe expresarse por si mesma, non ser eu quen formule todo.

Cando vin o filme pensei: así é como eu vexo o meu país e, en concreto, Akron. Si, realmente téñoille aprecio a esas paisaxes postindustriais. Hai algo realmente triste pero tamén fermoso nelas. Non sei se é simplemente nostalxia por ter medrado en Akron, pero para min representa os Estados Unidos moito mellor cás grandes cidades ou os bosques limpos. É extremadamente fea pero no fondo pódese atopar unha certa beleza.

A brincadeira no filme é que ao vir para aquí, Eva experimenta un incrível empeoramento nas súas condicións de vida e valores. A vida era moito mellor en Budapest. Si. Para min é o reverso do que se nos di sobre a calidade de vida no Leste de Europa: gris, depresiva, industrial. Eva vén ao novo mundo para comezar unha nova vida. Ten un sentido da aventura pero ao chegar aquí atopa o mesmo ton en todos os lugares que ve.

Moi desolador e deprimente. Creio que iso favorece bastante o sentido do humor do filme, que serve de contraste. Mesmo cando o filme non tenta facer rir.

Tanto Willie como Eddie son personaxes masculinos moi diferentes ao que estamos habituados. John Lurie e máis eu discutimos a historia e a nosa primeira idea era non facer outro filme sobre Nova York pensado para amosar en Europa e ser chamado New Wave — signifique iso o que signifique. Queríamos personaxes arredados de calquera escena musical ou de moda. E aínda que son clase traballadora non se desenvolven nunha esfera típica da súa clase. Os seus valores non son os mesmos. Teñen máis en común cos xogadores e os borrachos. Son o tipo de personaxes que poderían coñecerse nunha pista calquera antes que nun lugar de moda.

Si, eles saen en Cleveland e gastan... Cincuenta dólares. Ese é un tema menor, a maneira de conseguir o diñeiro. É algo que podes conseguir roubando, facendo trampas, mentindo ou por azar. Non é algo ao que eles dediquen todas as súas forzas, nin ordenan o seu día a día arredor do diñeiro. Ese probabelmente sexa o tema dos meus vindeiros filmes, porque non me interesan os personaxes obsesionados en ningunha clase de ambición. Ese tipo de soño americano non me interesa.

Publicado en Filmcomment,
Xaneiro-Febreiro de 1985
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax